



# COMMON FRAMEWORK

Erasmus+ project

**Marco común europeo de referencia para a docencia**



PARTNERS:



## Contidos

<b>I. Introducción.....</b>	<b>3</b>
<b>II. Competencias.....</b>	<b>4</b>
1 Habilidades persoais e interpersoais: Xestión das relacións sociais da comunidade educativa..	4
2 Colaborativa.....	7
3 Comunicativa.....	9
4 Tecnoloxías da comunicación para a aprendizaxe.....	12
5 Promoción da saúde e o benestar.....	14
6 Promoción da xustiza social a diversidade e a cidadanía global.....	16
7 Coñecementos e comprensión da profesión docente.....	19
8 Desenvolvemento persoal e profesional ao longo da vida.....	21
9 Avaliación.....	23
<b>III. O marco competencial dunha ollada.....</b>	<b>26</b>
<b>IV. Bibliografía.....</b>	<b>27</b>
<b>V. Créditos.....</b>	<b>29</b>

## I. Introducción

Este documento é o produto dun proceso de reflexión por parte dun grupo internacional de profesionais do mundo da educación sobre a necesidade dun sistema europeo de formación inicial e continua para fomentar a excelencia no ensino. Esta proposta segue as estratexias da Europa 2020 e apunta á mellora da calidade en todos os procesos educativos e a todos os niveis, vinculando as competencias persoais e profesionais clave coas competencias docentes.

O obxectivo é mellorar a formación ofrecida aos/ás profesionais docentes a través dun modelo competencial europeo que abarcará todas as necesidades de formación do profesorado e responderá ás recomendacións da Unión Europea para a súa formación (Consello da Unión Europea, 2014. Conclusións sobre a formación eficaz do profesorado).

O Consello da Unión afirma que a formación inicial debe proporcionar aos/as profesores/as as competencias chave que lles permitan sobresaír na súa práctica docente, así como motivar a reforzar e manter estas competencias actualizadas ao longo de toda a súa carreira docente. Neste sentido, a Unión recomenda que as institucións competentes responsables definan marcos de referencia cos coñecementos e competencias requiridos para os/as docentes en cada etapa da súa carreira e en diferentes espazos de ensino.

Os marcos deben ser flexibles, a súa aplicación debe ser froito dos acordos e debe conducir a un fortalecemento dos conceptos de colaboración, titoría entre iguais e apoio do profesorado novel. Entendemos que a calidade do ensino procede directamente da excelencia na práctica docente. Isto debe ser revisado constantemente e desenvolvido a través dunha aprendizaxe profesional continua e permanente, e aplicado en todos os niveis da educación.

O Consello de Europa destaca a necesidade de crear e aplicar estes marcos de competencia en "Comisión Europea, Educación y Formación. Julio de 2013. Apoyar el desarrollo de competencias docentes para mejorar los resultados del aprendizaje", e sinala a posibilidade do debate, a avaliación e a mellora da eficacia xerada por eles, como un valor engadido para os sistemas educativos.

Este proxecto uniu a socios de diferentes contextos europeos para desenvolver unha ferramenta única, estandarizada e útil, que logo poida ser implementada en diferentes países europeos.

Esta ferramenta fomentará a autoavaliación, a avaliación comparativa e o diálogo,

fomentará a aprendizaxe colaborativa a través da observación de prácticas de ensino noutros países, e permitirá ademais a comparación cos sistemas propios dos/as profesionais docentes. Fomenta, por tanto, a análise global dos sistemas educativos, así como o estudo detallado do propio sistema en cada país membro, mesmo dentro de rexións específicas deses países. O proxecto ofrece aos/ás docentes a oportunidade de utilizar este marco de maneira independente a través da autoanálise para crear e supervisar os seus propios itinerarios.

Un marco europeo común de competencias docentes que sirva de punto de partida para a formación inicial, a formación continua e os procesos de ensino e aprendizaxe en toda Europa reforza a transferencia entre países e contribúe a compensar a diversidade froito das diferenzas nos sistemas educativos, diferentes rexións e países, asegurando así a equidade educativa.

## II. Competencias

### 1 Habilidades persoais e interpersoais: Xestión das relacións sociais da comunidade educativa.

A xestión das relacións sociais implica a aplicación da personalidade dun/dunha profesor/a á súa función como docente. Deben tratar aos demais con consideración e mostrar actitudes positivas cara a si mesmos, cara aos demais e cara á súa profesión. Deben pór en valor os seus valores e principios éticos, e como os comparten con outros. Deben fomentar a inclusión do alumnado, familias e persoal laboral na vida do centro e ser conscientes dos seus sentimentos e sensibilidades. A través do seu traballo deben fomentar actitudes participativas que favorezan a aprendizaxe. Deben ter un interese en coidar da súa propia saúde física e mental e procurar o benestar dos seus compañeiros/as persoal do centro, así como favorecer o benestar físico e mental do alumnado.

#### 1.1 Desenvolvemento de habilidades persoais: apertura, honestidade, valentía e sabedoría

Tratar aos demais con consideración e ter valores persoais positivos que transmitan ao seu alumnado e á comunidade educativa en xeral.

##### 1.1.1 Nivel básico

- tratar aos demais con consideración ao desempeñar as súas funcións e ser receptivos a calquera situación que poidan vivir no seu traballo
- comprender o seu papel como profesionais en continua evolución e mellora

### 1.1.2 Nivel competente

- debater sobre as actitudes e crenzas persoais e profesionais, desafiando así as suposicións e a súa práctica profesional
- debater sobre as conexións entre actitudes e crenzas, valores e prácticas persoais e profesionais e, ao facelo, traer consigo cambios na práctica docente

### 1.1.3 Nivel experto

- demostrar apertura, honestidade, valentía e sabedoría en todas as súas interaccións
- fomentar o traballo en equipo e a creación de redes colaborativas e inspirar confianza e sinceridade, fomentando actitudes participativas que motiven á aprendizaxe
- pedir opinión aos/ás alumnos/as e colegas para analizar o seu propio labor docente

## 1.2 Desenvolvemento de relacións positivas: tutoría e orientación do alumnado

Desenvolver relacións positivas a través da función titorial e guiar aos/ás estudantes, creando un ambiente de comportamento positivo.

### 1.2.1 Nivel básico

- utilizar técnicas, procedementos e recursos que sirvan de guía ao/á alumno/a para entender os seus dereitos, responsabilidades e valores universais
- utilizar técnicas de mediación para resolver conflitos

### 1.2.2 Nivel competente

- falar en público de forma eficaz, inspirando respecto e confianza
- crear un ambiente seguro con medidas e accións que fomenten unha atmosfera non violenta
- construír relacións positivas co alumnado
- implementar actitudes de comportamento positivo de forma efectiva no centro

### 1.2.3 Nivel experto

- motivar, orientar e guiar a outros membros da comunidade educativa
- mediar nos conflitos dos/das alumnos/as, colegas, familias e persoal laboral segundo corresponda
- recoñecer os conflitos sociais e ser capaces de analizalos e tomar as medidas adecuadas para axudar a resolvelos

## 1.3 Xestión e fomento dos valores educativos

Promover valores educativos que axuden a desenvolver unha atmosfera equilibrada e positiva na institución, manexando conflitos potenciais de forma efectiva.

### 1.3.1 Nivel básico

- promover valores educativos relevantes a través de métodos diversos
- desenvolver e ensinar habilidades sociais adecuadas

### 1.3.2 Nivel competente

- integrar as diferenzas sociais e culturais do alumnado nunha comunidade educativa que demostre respecto polos demais
- axudar a outros/as a desenvolver unha actitude inclusiva ao tratar coa diversidade na comunidade escolar

### 1.3.3 Nivel experto

- promover o traballo en equipo e a creación de redes colaborativas
- desenvolver e ensinar habilidades sociais utilizando diversos medios
- traballar como parte dun equipo para atopar o mellor modo de fomentar os valores educativos

## 1.4 Desenvolver as relacións sociais e participar na vida da comunidade educativa

Xestionar as relacións sociais para promover a participación activa de todos os membros da comunidade educativa.

### 1.4.1 Nivel básico

- ter un bo dominio da linguaxe falada e escrita
- usar a escoita activa e empática e usar a linguaxe corporal de forma apropiada ao comunicarse
- usar estratexias que promovan relacións construtivas e efectivas

### 1.4.2 Nivel competente

- observar e analizar como os membros da comunidade se relacionan entre si
- priorizar a motivación e participación dos demais na vida da comunidade educativa
- xestionar adecuadamente as relacións cos demais
- fomentar e coordinar a participación das familias, persoal laboral e estudantes na vida do centro

### 1.4.3 Nivel experto

- tratar a todos os membros da comunidade educativa de maneira xusta, chegar a acordos e ofrecer axuda e asesoramento cando sexa necesario
- utilizar estratexias que lles permitan desenvolver unha relación construtiva con compañeiros/as, familias, persoal do centro e alumnado para construír relacións que favorezan unha aprendizaxe eficaz

## 1.5 Coidar dun mesmo e dos seus colegas

Ter interese na súa propia saúde e benestar, así como na dos seus colegas e alumnos/as.

### 1.5.1 Nivel básico

- coidar da súa propia saúde física e mental
- traballar e apoiar o desenvolvemento doutros/as compañeiros/as e persoal do centro
- promover o benestar físico e mental do seu alumnado

### 1.5.2 Nivel competente

- coidar a súa propia saúde física e mental, identificando os factores que poden influír en calquera destes elementos
- traballar e apoiar o desenvolvemento de colegas e resto de persoal do centro apoiando iniciativas que axuden a protexer a saúde física e mental e o benestar
- preocuparse polo benestar físico e mental dos/das estudantes, identificando problemas e atopando solucións apropiadas para apoiar a aqueles que teñan un mal momento

### 1.5.3 Nivel experto

- animar a outros/as a coidar a súa saúde mental e física e promover o seu benestar
- animar a todo o alumnado a participar en actividades saudables para mellorar a súa aprendizaxe e benestar
- participar en grupos de apoio que axuden aos que corren o risco de sufrir problemas mentais ou físicos
- colaborar con outros/as para planificar programas innovadores que promovan a saúde e o benestar entre o alumnado, claustro e persoal do centro
- liderar e traballar con outros/as para innovar en prácticas docentes eficaces que promovan a saúde e o benestar no centro educativo e na súa contorna

## 2 Colaborativa

O profesorado debe traballar en equipo regularmente para comunicarse e reflectir sobre experiencias da aula, el desenvolvemento del alumnado, da comunidade educativa e sobre as relacións profesionais para se comprometer desenvolver unha cultura profesional colaborativa. A colaboración depende do establecemento de relacións de confianza entre os/as docentes, o colectivo docente e os líderes da institución, e entre as institucións e organismos lexislativos.

### 2.1 O traballo cos/coas compañeiros/as

- comprometerse en todos os aspectos da práctica profesional docente, traballando cos seus colegas de forma colaborativa
- participar no desenvolvemento profesional continuo en colaboración co resto do

claustro, para promover valores docentes compartidos

### 2.1.1 Nivel básico

- traballar en colaboración para identificar e compartir os problemas e deseñar plans de acción apropiados dentro da aula, o departamento e o centro e compartir a aprendizaxe profesional e o seu desenvolvemento co resto dos seus colegas
- participar en actividades de formación do persoal do centro e noutras actividades de desenvolvemento profesional docente segundo corresponda
- buscar apoio e asesoramento para participar na resolución de problemas en colaboración con outros/as e satisfacer as necesidades de desenvolvemento profesional

### 2.1.2 Nivel competente

- coñecer a importancia de involucrarse no desenvolvemento profesional continuo, en colaboración cos seus colegas
- traballar en colaboración para contribuír á aprendizaxe profesional docente e ao desenvolvemento dos seus colegas, ofrecendo apoio e asesoramento construtivo, difundindo as boas prácticas e buscando oportunidades para liderar a aprendizaxe docente

### 2.1.3 Nivel experto

- demostrar e potenciar o crecemento persoal e profesional continuo, exercendo unha influencia positiva sobre os/as compañeiros/as a través das boas prácticas docentes
- promover o apoio e a cultura da colaboración entre os/as docentes
- colaborar para construír identidades profesionais compartidas

## 2.2 O traballo co alumnado

Participar na colaboración entre docentes para apoiar ao alumnado, crear confianza e crear ambiente positivo de aprendizaxe na aula, no centro e na comunidade educativa.

### 2.2.1 Nivel básico

- traballar en colaboración con outros/as docentes para identificar e apoiar as necesidades dos/das estudantes
- comunicarse co alumnado de forma adecuada e mostrar interese e recoñecer as súas opinións e contribucións á aprendizaxe

### 2.2.2 Nivel competente

- participar nuns espazos colaborativos entre docentes para identificar e apoiar as diversas necesidades dos/das estudantes
- esforzarse por desenvolver de forma habitual un nivel adecuado de confianza mutua co alumnado



### 2.2.3 Nivel experto

- exercer unha influencia positiva cara ao alumnado
- axudar a crear e manter un ambiente positivo de aprendizaxe na aula e no centro
- axudar aos/ás estudantes a desenvolver habilidades de aprendizaxe permanente a través do traballo colaborativo

## 2.3 O traballo coa comunidade educativa

- Mostrar un compromiso en todos os aspectos da práctica profesional, traballando colectivamente con outros membros da comunidade educativa.
- Comprender o papel que debe xogar cada un para crear un ambiente positivo de aprendizaxe.

### 2.3.1 Nivel básico

- traballar de forma cooperativa na aula e no centro en xeral coas familias, persoal e axentes educativos para promover a aprendizaxe e o benestar
- comprender o sistema educativo e o centro no que se está traballando, incluíndo:
  - o papel das autoridades educativas
  - a organización e xestión do centro e os seus recursos
  - planificación da mellora e como isto se conecta coa práctica profesional dos/das docentes

### 2.3.2 Nivel competente

- crear e manter relacións de traballo adecuadas con todos/as os/as colegas, familias, persoal e outros axentes educativos para apoiar a aprendizaxe e o benestar, asumindo un papel de liderado cando sexa pertinente.
- ter un sólido coñecemento práctico e un coñecemento profundo da comunidade educativa en xeral, incluíndo:
  - o papel das autoridades educativas
  - a organización e xestión de centro e os seus recursos
  - a planificación das propostas de mellora e a revisión do desenvolvemento profesional e como estes se conectan coa práctica profesional dos/das docentes

### 2.3.3 Nivel experto

- actuar de maneira que contribúa a fomentar unha cultura de confianza e respecto dentro do centro escolar e con todos/as aqueles/as que poden influír na vida dos/das estudantes dentro e fóra do centro educativo
- comprometerse con todos os aspectos da práctica profesional docente e traballar de forma cooperativa con todos os membros da comunidade educativa con entusiasmo, capacidade de adaptación e crítica construtiva, apoiando a transmisión e réplica desta práctica

### 3 Comunicativa

A comunicación profesional docente implica a capacidade e as habilidades para establecer e nutrir lazos e relacións dentro da comunidade educativa e máis aló, para interactuar en linguas maternas e outros idiomas segundo corresponda. Implica o uso da linguaxe como medio para a comunicación oral, escrita e non verbal, para a representación, interpretación e comprensión do mundo e para o intercambio de coñecementos, ideas, pensamentos e emocións. Tamén inclúe a capacidade de mostrar coñecementos nas súas materias e nas tecnoloxías da comunicación.

#### 3.1 Comunicarse co alumnado

Comunicarse co alumnado de forma efectiva.

##### 3.1.1 Nivel básico

- comunicarse positivamente co alumnado de maneira verbal e non verbal
- facer preguntas e escoitar aos/ás estudantes, dándolles oportunidades para expresar os seus pensamentos e desenvolver relacións mutuas fomentando o respecto e a amizade

##### 3.1.2 Nivel competente

- recoñecer a diversidade no desenvolvemento de cada estudante, identificando as súas habilidades individuais, intereses, necesidades e estilos de aprendizaxe para adaptar a comunicación no proceso de ensino - aprendizaxe
- crear e manter unha interacción efectiva co alumnado
- ter estratexias para comunicarse e apoiar aos/ás estudantes que teñen diferenzas idiomáticas, lingüísticas e culturais

##### 3.1.3 Nivel experto

- avaliar e dar recomendacións aos/ás estudantes de forma oral e escrita, promovendo a súa aprendizaxe independente e/ou cos seus compañeiros/as
- compartir con outros/as docentes, familias e persoal do centro enfoques positivos para apoiar a aprendizaxe dos/das estudantes que teñen diferenzas idiomáticas, lingüísticas e culturais

#### 3.2 Comunicarse cos/coas outros/as docentes

Comunicarse de maneira efectiva e cordial co equipo directivo, outros/as docentes e familias de alumnos.

### 3.2.1 Nivel básico

- interactuar en comunicación escrita e oral, intercambiando información profesional con outros/as docentes nas linguas maternas e outros idiomas segundo corresponda
- comunicarse con outros/as para o desenvolvemento persoal e profesional

### 3.2.2 Nivel competente

- manter relacións respectuosas cos/coas colegas sen importar a súa bagaxe cultural, social e persoal
- facerse entender nos seus propios idiomas e/ou noutros idiomas
- ser conscientes do valor dunha resposta efectiva cando se comunican con outros/as

### 3.2.3 Nivel experto

- ofrecer apoio a outros/as docentes en cuestións de comunicación e resolución de conflitos
- fomentar o intercambio de ideas e boas prácticas profesionais entre docentes
- actuar como un/unha líder para crear e manter boas relacións entre docentes, alumnos/as e outros/as

## 3.3 Comunicarse co equipo directivo e os outros membros da comunidade educativa

Comunicarse de forma eficaz con persoas e grupos do centro escolar e a súa contorna.

### 3.3.1 Nivel básico

- cooperar e participar en actividades comúns para alcanzar os obxectivos do centro escolar mediante a comunicación co persoal do centro e a comunidade educativa
- utilizar unha linguaxe adecuada ao contexto de cada situación

### 3.3.2 Nivel competente

- participar eficazmente nos grupos de traballo e cooperar de maneira construtiva cos interlocutores sociais
- crear e manter unha cultura de cooperación no centro escolar
- ser capaces de expor oralmente e por escrito, as súas propias ideas, pensamentos, opinións e coñecementos con claridade
- establecer, cando sexa necesario, novas relacións con outros centros e representar efectivamente o seu centro promovendo o seu enfoque internacional

### 3.3.3 Nivel experto

- iniciar, dirixir e participar de forma efectiva en grupos de traballo e outros proxectos conxuntos, motivando aos membros a través dunha comunicación eficaz
- ser capaces de producir documentos para diferentes proxectos educativos e sociais, tanto de forma individual como colectiva
- distinguir entre os distintos niveis do discurso na aula e no centro, apreciando a

- importancia da existencia de diferentes niveis e identificar no seu centro formas adecuadas de apoiar ao alumnado e colegas que precisan apoio
- ser conscientes da posibilidade de que as capacidades de comunicación sexan escasas entre o persoal do centro e na comunidade educativa en xeral e tomen as medidas apropiadas para mellorar estas situacións

## 4 Tecnoloxías da comunicación para a aprendizaxe

Os/as docentes deben confiar no uso das tecnoloxías da información para a educación e a comunicación. Deben ser capaces de atopar, avaliar, almacenar, crear e intercambiar información de forma segura, así como comunicarse e participar en redes sociais a través das tecnoloxías de información adecuadas. Necesitan ser capaces de integrar os enfoques de ensino máis adecuados nos espazos de e-learning , xa sexa de forma presencial ou en contornas mixtas co apoio das TIC. Deben ser capaces de crear o seu propio ambiente persoal de aprendizaxe dixital e fomentar este proceso no seu alumnado. As tecnoloxías deben integrarse na práctica docente co obxectivo de mellorar o ensino e a aprendizaxe, se ben os/as docentes deben ser conscientes dos aspectos positivos pero tamén dos riscos das tecnoloxías da comunicación para a aprendizaxe.

### 4.1 Didáctica e metodolóxica

Utilizar as tecnoloxías da información e a comunicación para mellorar o ensino e a aprendizaxe.

#### 4.1.1 Nivel básico

- analizar, buscar e procesar información
- seleccionar e utilizar unha ampla variedade de recursos tecnolóxicos e métodos de ensino, incluídas as tecnoloxías dixitais e os materiais educativos multimedia, para mellorar o ensino e a aprendizaxe

#### 4.1.2 Nivel competente

- despregar unha ampla variedade de recursos innovadores e enfoques de ensino que inclúan as tecnoloxías dixitais
- adaptar espazos e materiais ás novas necesidades
- crear materiais e recursos educativos nunha variedade de idiomas e a través de diferentes medios dixitais

#### 4.1.3 Nivel experto

- participar e dirixir, segundo proceda, a formación continua dos/das docentes no uso das tecnoloxías da información, ampliando as súas propias capacidades e realizando cambios e axustes metodolóxicos necesarios para unha mellora constante

## 4.2 Instrumental

- Usar redes colaborativas, software, hardware e espazos de traballo virtuais segundo corresponda.
- Coñecer e comprender as tendencias actuais no uso das tecnoloxías dixitais nos centros escolares.

### 4.2.1 Nivel básico

- xestionar o uso da rede profesional, o hardware e os espazos de traballo virtual
- ter coñecementos adecuados sobre as tendencias actuais no uso das tecnoloxías dixitais nos centros escolares

### 4.2.2 Nivel competente

- seleccionar e desenvolver estratexias de ensino - aprendizaxe adecuadas aos intereses e necesidades de todo o alumnado, como individuos, grupos ou clases, e facelo de maneira coherente

### 4.2.3 Nivel experto

- seleccionar e desenvolver estratexias creativas innovadoras e imaxinativas para o ensino e a aprendizaxe adecuadas aos intereses e necesidades de todo o alumnado, como individuos, grupos ou clases, e facelo de maneira coherente
- actualizar os seus coñecementos e capacidades de forma continua e permanente

## 4.3 Organizacional

Organizar e xestionar os recursos da aula e as tecnoloxías dixitais para apoiar o ensino e a aprendizaxe, así como as necesidades do centro no seu conxunto.

### 4.3.1 Nivel básico

- utilizar as tecnoloxías dixitais para favorecer a planificación e organización do proceso de ensino - aprendizaxe, facer un seguimento dos resultados das avaliacións e favorecer unha xestión eficaz da clase e da comunidade educativa en xeral

### 4.3.2 Nivel competente

- permitir ao alumnado aproveitar plenamente os recursos seleccionados, incluídas as tecnoloxías dixitais, para apoiar o ensino e a aprendizaxe
- utilizar as TIC como ferramenta para promover a aprendizaxe individualizada e personalizada e como recurso pedagóxico para mellorar o ensino e a aprendizaxe

### 4.3.3 Nivel experto

- crear e difundir recursos compartidos na Rede e adminístralos segundo sexa necesario
- estar involucrados activa e positivamente nunha cultura de colaboración en liña,

- asumindo un papel adecuado nas comunidades educativas virtuais
- compartir os coñecementos en espazos educativos dixitais a través de diferentes actividades, formando e apoiando a outros/as docentes para que desenvolvan as súas competencias TIC

#### 4.4 Ética e crítica

Coñecer os riscos e as oportunidades que implica o uso do TIC e actuar de maneira responsable e crítica, tendo en conta as cuestións relacionadas coa seguridade e o desenvolvemento de estratexias para facer fronte aos riscos.

##### 4.4.1 Nivel básico

- recoñecer a importancia das Tecnoloxías da Comunicación para a Aprendizaxe
- estar dispostos a desenvolver as súas capacidades e o uso das Tecnoloxías da Comunicación para a Aprendizaxe
- saber como protexer os datos, os dispositivos e a identidade dixital

##### 4.4.2 Nivel competente

- avaliar as fortalezas e debilidades dos enfoques das Tecnoloxías da Comunicación para o ensino e a aprendizaxe
- tomar decisións éticas e críticas no seu uso das TIC
- participar activamente en espazos dixitais con outros/as docentes do seu centro e doutras comunidades educativas

##### 4.4.3 Nivel experto

- ter unha actitude positiva, crítica e realista cara ás Tecnoloxías da Comunicación para a Aprendizaxe
- coñecer os riscos e perigos que implica o uso das TIC e actuar de forma responsable e crítica para asegurar que os demais non estean expostos a eles innecesariamente

## 5 Promoción da saúde e o benestar

A promoción da saúde e o benestar implica proporcionar un ambiente saudable ao alumnado, apoialo cando teñen problemas e identificar aspectos que poidan supor un risco. Require comprensión e coñecemento dos desafíos aos que se enfrontan tanto o alumnado como os/as docentes nunha sociedade moderna. Inclúe o fomento da confianza dos/das estudantes e a adopción de medidas para desenvolver enfoques e materiais que supoñan un apoio aos membros da comunidade educativa e que tamén supoñan un desafío para conseguir ese benestar. Os/as docentes necesitan identificar os obstáculos á aprendizaxe que impiden que os/as estudantes alcancen todo o seu potencial e deberán tomar medidas para eliminar estas barreiras.

## 5.1 Promover un ambiente saudable

Crear un ambiente seguro para todo o alumnado dentro dunha contorna afable e comprensiva e que promova o benestar.

### 5.1.1 Nivel básico

- entender a necesidade dun ambiente seguro para todos os alumnos e desenvolver un ambiente de benestar

### 5.1.2 Nivel competente

- tomar medidas para asegurar que están a ofrecer un ambiente seguro a todo o alumnado
- axudar aos/ás estudantes a desenvolver o seu máximo nivel de autoconfianza, e coidar a outros/as e o mundo que os rodea

### 5.1.3 Nivel experto

- animar a outros/as a proporcionar un ambiente seguro para todo o alumnado dentro dunha contorna afable e comprensiva e cun grao de entendemento do que supón o seu benestar
- axudar a outros/as a comprender a importancia do benestar do alumnado e desenvolver estratexias que o favorezan
- comprometerse cos principios de democracia e xustiza social a través de políticas e prácticas xustas, transparentes, inclusivas e sustentables en relación a:
  - a idade
  - a discapacidade
  - o xénero e identidade de xénero
  - a raza
  - a orixe étnica
  - as relixións e crenzas
  - a orientación sexual

## 5.2 Construír confianza

Promover que as estratexias de aprendizaxe sexan variadas, diferenciadas, fomentar a confianza e favorecer o progreso do alumnado.

### 5.2.1 Nivel básico

- proporcionar ao alumnado un apoio efectivo e a oportunidade de exporlles retos
- comprometerse a superar as expectativas do alumnado sobre si mesmos e sobre os demais

### 5.2.2 Nivel competente

- saber como usar, deseñar e adaptar materiais para o ensino e a aprendizaxe que estimulen, apoiem e supoñan un reto para todo o alumnado
- asegurar que as tarefas de aprendizaxe estean deseñadas para xerar confianza e promover o progreso de todo o alumnado, proporcionando apoio efectivo e a oportunidade de afrontar retos

### 5.2.3 Nivel experto

- utilizar, deseñar e adaptar materiais para ser usados por outros/as tanto no ensino como na aprendizaxe
- deseñar tarefas de aprendizaxe que sexan variadas, diferenciadas, xerar confianza e promover o progreso de todo o alumnado, proporcionando un apoio eficaz e a oportunidade de afrontar retos
- respectar os dereitos de todo o alumnado, tal como se describen na Convención das Nacións Unidas sobre os Dereitos do Neno, incluído o seu dereito a participar nas decisións relativas ás súas experiencias de aprendizaxe e desenvolver e apoiar todos os aspectos do seu benestar

## 5.3 Satisfacer as necesidades

Identificar os obstáculos para a aprendizaxe e responder axeitadamente.

### 5.3.1 Nivel básico

- identificar posibles obstáculos para a aprendizaxe nas súas clases
- identificar posibles solucións a estes obstáculos, buscando asesoramento sobre as necesidades do alumnado se é necesario

### 5.3.2 Nivel competente

- recoñecer unha variedade de obstáculos potenciais para a aprendizaxe
- desenvolver tarefas e establecer o ritmo de traballo para satisfacer as necesidades de todo o alumnado, brindando apoio efectivo e a oportunidade de afrontar retos

### 5.3.3 Nivel experto

- demostrar un compromiso para motivar e inspirar ao alumnado, recoñecendo o seu contexto social e económico, a individualidade e as necesidades específicas de aprendizaxe e tendo en conta os seus obstáculos á aprendizaxe
- traballar e dirixir a outros na elaboración de programas que satisfagan estas necesidades

## 6 Promoción da xustiza social a diversidade e a cidadanía global

A promoción da xustiza social, a diversidade e a cidadanía global combina as



actitudes, habilidades e coñecementos dos docentes coa necesidade de promover a comprensión e desenvolver enfoques construtivos destes aspectos da sociedade. É importante reflexionar e planificar como trasladar as habilidades persoais e sociais relacionadas co sistema para apoiar ao alumnado a comprender os cambios locais e globais e apoiar o seu desenvolvemento como cidadáns/ás activos/as e de mente aberta. Os/as estudantes deben experimentar procesos participativos e democráticos dentro das aulas e a comunidade escolar para fomentar o pensamento crítico e promover a súa integración.

## 6.1 Aprender para un futuro mellor

Estar comprometidos en involucrar ao alumnado en actividades da vida real para mellorar as experiencias de aprendizaxe e os resultados e para promover a aprendizaxe como un camiño cara a un futuro mellor.

### 6.1.1 Nivel básico

- ser conscientes dos recursos e as diversas perspectivas coas que contan o alumnado
- demostrar respecto polas persoas e o medio ambiente en xeral
- apoiar ao alumnado na reflexión e o uso dos seus recursos
